

Queridos compañeiros:

Hai un tempo que vimos disfrutando da oportunidade de colaborar (aprendendo e facilitando situacións de aprendizaxe aos nosos alumnos) en proxectos eTwinning. Estes proxectos europeos están organizados polo MEC e asesorados, tamén, por cada Consellería. Consisten en compartir con outro/s centro/s europeos un aspecto do currículo e desenvolvelo participando coas idiosincrasias propias, facilitando, así, unha plataforma de aprendizaxe non só de aspectos curriculares, senón construíndo unha corrente comunicativa e de apertura cultural precisa para comprender o mundo global que nos toca vivir e dotando o labor académico dun espazo real de uso das TIC e dos idiomas.



Se houbera que definir estes proxectos cunha soa palabra, o adxectivo máis adecuado sería “adaptable” pois poden durar un mes ou varios anos, poden incluír un aspecto concreto do currículo ou unha materia transversal,

poden ser desenvolvidos por un profesor na súa área ou por varios nun proxecto interdisciplinar... é dicir... son proxectos “á carta”. Só tedes que ter unha idea e despois... querer cumprila.

Neste ano, en Galicia, estamos botando a andar unha iniciativa nova, a Embaixada Galega eTwinning, composta por catro compañeiros con certa experiencia neste programa. A nosa intención é a de servirvos de axuda e asesoramento. Por iso queremos presentarvos a nosa plataforma desde a que podeades contactar connosco, solicitar nos información ou asesoramento, enviarnos as vosas ideas e os vosos traballos en marcha para que nós lles deamos difusión... Pero, en realidade, a nosa intención tamén é converternos nunha especie de ilusionistas que vos fagan ver a idoneidade destes proxectos...

Podeades seguirnos en [“Embaixada eTwinning Galicia”](#) e en [Facebook](#). E podeades afondar máis na [“Plataforma eTwinning”](#). Recibide un cordialísimo saúdo e unha animosa invitación a coñecernos.

Setembro de 2011

Embaixada eTwinning de Galicia